

**GAÑADOR IX EDICIÓN PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL**

# Marcos S. Calveiro

Marcos Sánchez Calveiro, coñecido como Marcos S. Calveiro naceu en Vilagarcía de Arousa no ano 1968 e actualmente reside en Vigo onde exerce como avogado.

Marcos S. Calveiro comezou a súa carreira literaria creando obras dedicadas á literatura infantil e xuvenil, escribindo principalmente en galego. Neste campo recibiu numerosos premios como o Ala Delta, o Barco de Vapor ou o Lazarillo.



Tamén publicou obras no campo da poesía e o ensaio e en 2008 publicou a súa primeira novela dirixida ao público adulto, *Festina Lente*, recoñecida co Premio da Crítica de narrativa galega.

Ademais deste recoñecemento, Marcos S. Calveiro, recibiu os seguintes galardóns:

- Premio de poesía Concello de Carral no 2006, por *Cartas do terceiro día*.
- Premio White Ravens no 2008, por *O carteiro de Bagdad*.
- Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro de Narrativa para adultos no 2008, por *Festina lente*.
- Premio Irmandade do Libro no 2009 ao Mellor Libro Galego do 2008, por *Festina lente*.
- Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro Xuvenil no 2010, por *O pintor do sombreiro de malvas*.
- Premio Raíña Lupa no 2010, por *Centauros do Norte*.
- Premio de literatura infanto-xuvenil 2011 da Asociación de Escritores en Lingua Galega, por *O pintor do sombreiro de malvas*.
- Premio Merlin no 2012, por *Palabras de auga*.
- Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro Xuvenil no 2012, por *Palabras de auga*.
- Premio Frei Martín Sarmiento á mellor obra de 1º e 2º de Educación Primaria no 2015, por *Raro*.

# Entrevista a Marcos Calveiro

## **-Por que Fontán? que che chamou a atención desta figura?**

Por que levo obsesionado con ele dende a adolescencia cando lin "Arredor de si" de Otero Pedrayo. Por que é un persoero case esquecido da nosa historia, poucos saben que está enterrado no panteón de galegos ilustres de Bonaval. Un home que antepuxo a Galicia por diante de calquera interese persoal, un exemplo áinda hoxe en día para todos nós. Un verdadeiro protonacionalista, se se me permite a expresión.

## **-Crees que a narrativa breve é un modo de chegar a más lectores? que é o máis difícil desta tipoloxía de narrativa?**

A ver eu non creo moito nestas distincións, é a propia historia a que me pide unha extensión ou outra. Hai novelas de 1000 páxinas marabillasas e outras de 100 aburridísimas. É todo unha cuestión de tempo, de ritmo na escrita.

## **-Que supuxo para ti este premio?**

Volver a sentirme escritor de novo, e un acicate para emprender novos proxectos.

## **-Como ves a situación actual da literatura galega?**

Aínda outra día o comentaba nas redes sociais, vivimos o mellor dos nosos tempos creativos, malia os atrancos e a situación de lingua e a crise económica. Vimos de recibir dos premios nacionais en LIX (literatura infantil e xuvenil) e Poesía en só unhas semanas.

## **-Que recomendarias a un autor novel?**

Escribir, corrixir, volver escribir, e por suposto presentarse aos premios coma este.

## **-En que proxecto estás a traballar agora?**

Como dixen, levo 2 anos sen escribir, agardo que este premio me dea azos de novo.